

O Partido Popular quere acabar co ensino público

Hai que impedilo!

10 de maio xornada de loita!

10 de Maio: Xornada estatal de loita estudantil contra os recortes na educación pública e o aumento das taxas en universidade

12 de Maio: Todos ás manifestacións do 1º aniversario do 15-M

O Partido Popular lanzou un verdadeiro plan de destrución da educación pública. Ó recorte de 623 millóns de euros en educación recollidos nos Orzamentos Xerais do Estado, súmase un recorte adicional de 3.000 millóns, unha agresión ó ensino público que non ten precedentes nos últimos corenta anos. As medidas máis significativas son:

1. Redución salvaxe da oferta educativa de bacharelatos: os institutos ofertarán só unha modalidade de bacharelato. O estudantado con menos recursos terá que estudar a modalidade que lle quede máis preto e o resto estará obrigado a realizar desprazamentos. Ademais, despediranse miles de docentes e a masificación dos centros será a norma.

2. Suprímese a introdución dos módulos de 2000 horas de Formación Profesional previstos para 2013 reducindo a oferta de forma drástica.

3. Aumento da masificación das aulas co incremento das cocientes por clase ata un 20%, pasando de 25 a 33 estudantes en primaria e de 30 a 40 en secundaria.

4. Como ocorreu este curso nalgunhas Comunidades como eiquí en Galiza, aumentáanse as horas lectivas do profesorado en detrimento das titorías, apoio e atención ó alumnado. Ademais, auméntase o tempo necesario para cubrir unha baixa dun docente (mínimo dúas semanas). Estas medidas **suporán o despedimento de entre 50.000 e 70.000 docentes interinos**. Un ataque criminal e bestial á calidade do ensino!

5. Privatización e elitización do ensino universitario. O PP quere a expulsión masiva das fillas e fillos dos traballadores da universidade a través da selección económica; subida das taxas universitarias un 50% (pagarase a partir do próximo curso entre 1.600 euros e 2.000 euros), podendo chegar ós 6.000 euros por estudante nos casos de repetición de curso.

Diñeiro para a banca e a Igrexa e recortes no gasto público

Estas medidas supoñen un golpe brutal ó ensino público e diríxense contra o estudantado de familias traballadoras, pero as axudas e privilexios á educación privada e privada-concertada mantéñense, un auténtico escándalo!!! A dereita no go-

berno di que non hai diñeiro e que por iso ten que facer recortes en educación e sanidade, pero a verdade é outra. A Igrexa católica seguirá recibindo este ano uns 11.000 millóns de euros a través de subvencións, exencións de impostos, etc. Ó mesmo tempo, o goberno do PP concedeu 100.000 millóns de euros en avais á banca privada, para que esta siga amasando formidables beneficios a costa do sacrificio da poboación. O mesmo ocorre cos recursos destinados á Casa Real, que non se tocan, e que son empregados en gastos pomposos, viaxes de luxo e cacerías, nun momento no que o paro achégase ós seis millóns, e o desemprego xuvenil supera o 50%.

10 de Maio: Xornada estatal de loita estudantil
12 de Maio: Todos ás manifestacións de aniversario do 15M

Ante esta ofensiva salvaxe contra a educación pública, chamamos a todo o estudantado a demostrar a nosa oposición rotunda nunha xornada de loita estudantil estatal, con asembleas, paros nos centros de estudo, concentracións e manifestacións o xoves 10 de Maio, coa que dar unha primeira e contundente resposta a estes ataques. Facemos un **chamamento a docentes, pais e nais a participar activamente nas mobilizacións do 10 de Maio e a todas as organizacións e colectivos estudantis á máxima unidade de acción** e a sumarse a esta xornada de loita.

Ademais, o **12 de Maio** hai convocadas manifestacións en todas as cidades en conmemoración do primeiro aniversario do 15-M, ás que chamamos a participar masivamente, para demostrar a nosa firme oposición a estes recortes. A loita debe continuar e intensificarse. Por iso, volvemos dirixirnos ás Federacións de Ensino de CIG, CCOO e UXT, e a todos os sindicatos do profesorado, para que se convoque inmediatamente unha folga xeral de toda a comunidade educativa, que sirva como resorte para continuar a mobilización rotunda que supuxo a folga xeral do 29-M, e que debería reforzarse cunha nova folga xeral, pero esta vez de 48 horas.

Para organizar as nosas forzas mellor, propomos a creación de comités de loita unificados, de profesorado, nais, pais e estudantes nos centros de estudo para manter as mobilizacións de cara ó próximo curso, que serán claves na defensa da educación pública.

Non ós recortes contra o ensino público!!!
O estudantado de clase obreira á universidade!
Basta de represión dos nosos dereitos democráticos!

Únete ó Sindicato de Estudantes para fortalecer a loita estudantil

Todo o mundo ás manifestacións
Visita a nosa Web www.sindicatodeestudiantes.net
para ver onde será a manifestación na túa cidade

Teléfonos Santiago 981563100 ext. 12867- o 679 500 266 Vigo 630 43 16 13
Ferrol 678 42 08 88 Coruña 656 45 72 57 Lugo 615 63 10 72